

III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA IES SOFÍA CASANOVA

OBXECTIVO: observar no día a día aspectos relacionados coas Matemáticas.

TEMA DAS FOTOGRAFÍAS: ten que estar relacionado co mundo das matemáticas en calquera das súas manifestacións (figuras xeométricas, mosaicos, simetrías, números, azar, fractais, etc.) E as imaxes poden obterse da Natureza, Arquitectura, Escultura, etc.

QUEN PODE PARTICIPAR?: Todo o alumnado do IES Sofía Casanova.

PRESENTACIÓN: As fotografías enviaranse por correo electrónico á seguinte dirección: **matematicassocas@gmail.com**. Neste correo indicárase:

Nivel de participación: ALUMNADO DE 1º CICLO DE ESO, DE 2º CICLO OU DE BACHARELATO. O alumnado indicará tamén **curso e grupo**.

Asunto da mensaxe: CONCURSO FOTOGRÁFICO + nome e apelidos do participante.

As fotografías deben ser ORIXINAIS, cada unha con título e nome e apelidos do/a alumno/a ou participante, e pódense enviar varios correos ata o 30 de abril (incluído).

PREMIOS: O concurso convócase en catro niveis:

- Primeiro nivel: alumnado de 1º e 2º de ESO.
- Segundo nivel: alumnado de 3º e 4º de ESO.
- Terceiro nivel: alumnado de Bacharelato.
- Cuarto nivel: resto da comunidade educativa.

Concederáse un premio por cada nivel. Os premios consistirán en vales-regalo (só para o alumnado participante) e a exposición tanto no propio centro como na súa Web da fotografía premiada.

PRAZO: O prazo de presentación finaliza o **30 de abril**.

XURADO: Formado polos membros do Departamento de Matemáticas. Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título, o seu contido matemático e a calidade artística e técnica da imaxe.

USO DAS IMAXES:

- O Departamento resérvase o dereito a utilizar as fotografías presentadas para uso didáctico.
- As fotos premiadas serán publicadas na Web do IES Sofía Casanova.
- As fotografías participantes poderán ser mostradas en exposición fotográfica no IES Sofía Casanova.
- As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso aceptaranse fotos descargadas de Internet, nin dixitalizadas de ningún tipo de medio gráfico.